

## MEMORIA DESCRIPTIVA

### **Título:**

**O ENCERADO DIXITAL NA AULA CLIL: IMPERIALISM AND THE WORLD  
WAR I**

### **Autora:**

Clara Cristela Rodríguez Núñez

### **Centro:**

CPI Cernadas de Castro

### **Sinopse:**

Trátase dunha unidade didáctica de Historia realizada utilizando o software do encerado dixital Smart Board e pensada para unha Sección bilingüe de inglés de 4º de ESO. A unidade está elaborada segundo a metodoloxía CLIL, e inclúe unha guía do profesor así como diverso material audiovisual.

### **Delimitación de campo de traballo:**

4º curso de ESO, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

### **Modalidade**

Categoría 2, Modalidade A

## **Guía didáctica**

### **Índice**

1. [Xustificación](#)
2. [Obxectivos](#)
3. [Contidos](#)
4. [Metodoloxía](#)
5. [Temporalización](#)
6. [Organización de espazos e de tempos](#)
7. [Actividades](#)
8. [Plan de avaliación](#) (indicadores e incidencia na práctica educativa)

## 1. XUSTIFICACIÓN

No CPI Cernadas de Castro de Lousame contamos con varias seccións Bilingües de inglés en Educación Secundaria: Música en 2º, Matemáticas en 3º e 4º e Ciencias Sociais, Xeografía e Historia tamén en 3º e 4º de ESO. Concretamente, a materia de Historia correspondente a 4º de ESO, para a que se realizou este material, vense impartindo en inglés dende o curso 2005-2006.

Dende o primeiro momento os profesores de Seccións Bilingües comprobamos a dificultade de atopar materiais de traballo apropiados ó nivel do alumnado e axeitados ó currículo, facéndose obrigada a creación de materiais propios para o desenvolvemento da materia.

Pero a elaboración de unidades didácticas para o ensino bilingüe non é algo sinxelo, posto que non se trata de tomar as unidades coas que traballamos habitualmente en galego e traducilas literalmente. A metodoloxía CLIL (*Content and Language Integrated Learning*) parte duns presupostos que implican a necesidade de traballar algunhas habilidades máis propias dun profesor de linguas que dunha disciplina non lingüística. O obxectivo sería integrar o coñecemento propio da materia co desenvolvemento de tódalas competencias lingüísticas (*writing, reading, listening, speaking*). Por outra banda, resulta imposible abordar este ensino cunha metodoloxía tradicional baseada na lección maxistral: os alumnos carecen do nivel léxico necesario para seguir unha explicación deste tipo, polo que o profesor debe facer as clases máis activas e participativas, buscando a forma de reducir o seu discurso de cara a lograr unha maior intervención do alumnado.

Por iso temos considerado que o **encerado dixital**, en cuxa implantación nas aulas Galicia é unha comunidade pioneira, pode ser o recurso idóneo para

articular os contidos a través dunha metodoloxía innovadora. Varias investigacións teñen xa determinado que a utilización do encerado dixital comporta unha serie de vantaxes para os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Entre outras características, permite dispoñer de maneira inmediata na aula de toda a información multimedia e interactiva e integrala nas actividades educativas da clase; permite tamén o uso colectivo das canles telemáticas de comunicación (e-mail, chat, videoconferencia), cos que se poden establecer comunicacións con outros centros de todo o mundo; permite a presentación multimedia de traballos feitos tanto polos profesores como polos alumnos ou compartir novos materiais e informacións de interese seleccionados previamente.

Desde o punto de vista dos alumnos, o encerado dixital fai que as actividades resulten máis atractivas e vistosas, á vez que facilita o seguimento das explicacións; os estudantes poden tamén ter un papel máis activo nas clases, realizando tarefas en común e presentando ante o grupo os seus traballos ou materiais.

Pero sen dúbida, a maior potencialidade deste recurso está na posibilidade de renovar as metodoloxías didácticas tradicionais do profesorado de Historia, permitindo unha actividade docente máis centrada no alumnado e favorecendo o tratamento da diversidade. A creación de materiais adaptados para o encerado dixital suporá unha motivación para que o colectivo docente utilice este sistema tecnolóxico, de manexo moi sinxelo, conseguindo así aumentar o número de usuarios.

Considerando que o maior interese desta unidade é que poida ser utilizada por todo o profesorado de Ciencias Sociais de Seccións Bilingües

interesado, o material complétase cunha guía para o profesor. Esta guía, redactada tamén inglés, presenta os obxectivos que se tentan conseguir con cada tarefa, os pasos que se poden seguir para levala a cabo na aula e, cando é necesario, unha solución das actividades.

En canto as competencias básicas que se traballan nesta unidade, polas propias características da metodoloxía CLIL centraranse basicamente en torno á **comunicación lingüística**. O ensino da Historia a través dunha lingua estranxeira supón a capacidade de manexarse en situacións comunicativas, orais e escritas, utilizando o léxico especializado da área, os seus modos de discurso e os seus tipos de textos propios. Ademais, cando se traballa unha área buscando o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, faise indispensable esa aprendizaxe cooperativa que o encerado dixital facilita: a interacción e a interdependencia están na base da comunicación. Non debemos esquecer que esta competencia lingüística aporta a capacidade para transferir saberes dunhas linguas a outras e para convivir nunha sociedade plurilingüe e pluricultural.

Pero xunto co desenvolvemento da competencia lingüística, central neste proxecto, traballáronse tamén as dúas competencias máis propias da Historia e as Ciencias Sociais: a **competencia social e cidadá**, presente en todas e cada unha das actividades, e a **competencia cultural e artística**. A utilización do encerado dixital na aula permitirá igualmente o desenvolvemento da **competencia dixital do alumnado**.

## **2. OBXECTIVOS**

Os obxectivos fundamentais para a realización desta experiencia foron:

- a) Elaborar unidades didácticas para a área de Ciencias Sociais de 4º da ESO das Seccións Bilingües en inglés, utilizando o software do encerado dixital Smart.
- b) Proporcionar ao profesorado de Ciencias Sociais de Seccións Bilingües un conxunto de materiais curriculares abertos que lle animen á utilización na aula desta ferramenta TIC, dispoñible en moitos centros pero claramente infrautilizada. Este obxectivo ven facilitado pola incorporación dunha guía do profesor que presenta os obxectivos e suxire a metodoloxía para levar a cabo as actividades.
- c) Mellorar de forma cualitativa e cuantitativa o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos de Seccións Bilingües de Historia en inglés.

Os obxectivos concretos desta unidade dentro do currículo da materia serían:

1. Analizar as causas e as consecuencias dos fenómenos coloniais no século XIX.
2. Describir as formas de organización e de explotación das colonias e valorar as súas repercusións na situación económica e social destes países.
3. Rexeitar as xustificacións do colonialismo e a segregación racial.
4. Identificar as causas que desencadearon a Primeira Guerra Mundial.
5. Analizar as fases da guerra e as repercusións económicas, sociais, políticas e territoriais da Gran Guerra.
6. Coñecer a caída do tsarismo e describir a toma do poder na xornada revolucionaria de outubro e como se construíu a construción do primeiro

estado socialista.

7. Comprender o proceso de formación da URSS e o ascenso de Stalin ao poder.

8. Recoñecer e valorar os logros sociais e políticos da muller do século XX.

### **3. CONTIDOS**

Os contidos preceptivos para a materia de CCSS en 4º de ESO son os establecidos no Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG13-07-2007). De entre eles, os seleccionados para a elaboración desta unidade foron os dos seguintes bloques:

- *Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX.*
- *Imperialismo, guerra e revolución.*

A súa concreción na unidade que presentamos obedece ó seguinte esquema:

## **IMPERIALISM AND THE WORLD WAR I**

### **1. Colonialism**

1.1. Definition, evolution and reasons

1.2. The main colonial empires

1.3. Types of colonized territories

### **2. The World War I**

2.1. Causes

2.2. 1914 - the build-up to war

2.3. The War

2.4. Versailles Peace Treaty

2.5. The League of Nations

### **3. The Russian Revolution**

- 3.1. Russia before the Revolution
- 3.2. The Revolution
- 3.3. The Civil War and the creation of the Soviet Union
- 3.4. The NEP
- 3.5. Stalin

#### **4. METODOLOXÍA**

Ó levar a autora varios anos traballando nas Seccións Bilingües contaba cunha serie de materiais que xa se viñan utilizando na clase. Grazas a participación nun grupo de traballo durante o curso 2006-2007 con outros profesores tanto de Historia como de Inglés de Seccións Bilingües de distintos centros de Galicia, tiñamos elaboradas unha serie de unidades que combinaban o texto escrito con algunhas actividades audiovisuais –xeralmente en formato *powerpoint*. Todo este material foi agora completamente reelaborado e adaptado para a súa utilización na aula por medio do software do encerado dixital *Smart*.

A metodoloxía para explicar unha materia non lingüística, neste caso a Historia, a través dunha lingua estranxeira debe extraer e aplicar características propias das dúas disciplinas. A lingua está totalmente supeditada aos contidos da materia, que son os que definen as demandas lingüísticas. É preciso examinar as necesidades de cada unidade e dar ao alumnado a axuda que precisa. Todo isto implica, ademais, que hai que reducir a amplitude do discurso do profesorado, e abandonar o sistema de clase maxistral. Se queremos que o noso alumnado mellore as catro capacidades lingüísticas,



debemos aumentar o número de actividades, e a participación no seu propio proceso de aprendizaxe.

A unidade que aquí se presenta parte dunhas actividades iniciais que actúan a modo de *quecemento*, refrescando as ideas dos alumnos sobre o tema a tratar e presentando á vez o novo vocabulario. Conta con actividades que permiten o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas básicas, e con outras de avaliación, que poderán realizarse directamente sobre o encerado dixital. Isto facilita que os alumnos regulen o seu propio proceso de aprendizaxe por medio da autoavaliación, e axuda a que o profesor saiba en cada momento as necesidades de cada un deles. Presenta ademais enlaces con páxinas web relacionadas que permiten a ampliación dos contidos de forma inmediata.

## **5. TEMPORALIZACIÓN**

Esta unidade foi impartida no CPI Cernadas de Castro durante o curso 2009-10 no primeiro trimestre, durante unhas dez sesións lectivas. O profesorado deberá adaptar a temporalización ás necesidades da súa programación, podendo eliminar algúns exercicios ou simplificar outros.

## **6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS**

Todas as actividades foron realizadas na aula de Informática, única do centro que conta cun encerado dixital e un canón de proxección permanentemente conectado a un ordenador. É moi importante poder contar cunha aula dotada previamente co proxector e a pantalla, para evitar o esforzo

de montar e desmontar estes materiais en cada clase, o que reduce en varios minutos as xa limitadas sesións.

## **7. ACTIVIDADES**

A selección dos contidos e das actividades é fundamental en calquera materia, pero máis aínda se a impartimos nunha lingua que non é a habitual dos alumnos. Por iso, é necesario ter en conta aspectos como os seguintes:

- Que os alumnos/as poidan relacionar os novos contidos con coñecementos previos.
- Que se lles ofrezca información moi pertinente ao tema.
- Que o nivel de dificultade de lingua e contidos sexa o apropiado
- Que os materiais permitan a realización de diferentes tipos de tarefas (encontrar información específica, ideas principais, completar textos, transmitir oralmente a información oída/lida, completar esquemas...)

Preséntanse a continuación algunhas das actividades que aparecen na unidade, clasificadas segundo as competencias que axudan a desenvolver:

### **I. READING**

Dadas as características da materia, moitas das actividades propostas están relacionadas coa comprensión lectora. Ante a gran cantidade de textos que o alumnado debe asimilar e comprender, é preciso utilizar diferentes técnicas que faciliten esta tarefa:

I.I. Actividades previas ás lecturas. A maior parte das veces, o alumnado vai atopar textos que tratan novos conceptos, e ademais, nunha lingua

que non dominan. É preciso preparalo antes de cada actividade, tanto traballando co novo vocabulario (palabras clave, conceptos difíciles...), como reactivando os seus coñecementos previos a través de preguntas en grupo, por parellas, etc.

Un exemplo sería a tarefa 18, onde os alumnos deben primeiro discutir cales cren que serían as condicións necesarias para evitar unha nova guerra, e despois len o texto sobre os 14 puntos de Wilson para comparalo coas súas ideas.

I. II. Tarefas de comprensión lectora: Ás veces unha lectura rápida dun texto para extraer unha idea xeral (*read for gist*) será suficiente, tratando de entender só o esencial sen deterse nos detalles:

Un exemplo pode ser a tarefa 20, na que deben ler varios textos diferentes explicando a Liga de Nacións, e escoller o título que lle corresponde a cada un.

Outras veces o texto esixirá unha lectura máis polo miúdo, para comprobar a continuación a súa correcta comprensión. Temos un exemplo na tarefa 10, onde os alumnos deberán analizar a fondo o texto sobre as causas da I Guerra Mundial, para despois clasificalas nun esquema.

## **II. WRITING**

A produción tanto oral como escrita será sempre un obxectivo posterior á comprensión. Nos primeiros estadios será suficiente con buscar información e reescribila para contestar ás cuestións formuladas, pero o obxectivo final debe

abarcar tamén a redacción de textos máis ou menos breves con corrección gramatical e utilizando un vocabulario axeitado.

Para elo usamos diversas técnicas:

II. I. Utilizar un texto previo como modelo para que os alumnos apliquen a mesma estrutura á creación dun texto propio. Previamente hai que traballar co vocabulario necesario, así como insistir nas estruturas gramaticais que contribúan á coherencia textual.

Un exemplo desta técnica sería a tarefa 26, onde se lle pide ós alumnos que definan varias palabras subliñadas extraídas dun texto, seguindo un exemplo dado.

II. II. Elaboración de títulos para distintos parágrafos.

Na tarefa 19 se lles pide ós alumnos que clasifiquen os distintos artigos do Tratado de Versalles baixo os títulos que lles corresponderían.

II. III. Outra maneira de orientar a redacción é elaborar un texto a partir dun esquema previo ofrecido polo profesor, ou a través de preguntas guía. O alumnado fará un borrador que será corrixido polo profesorado ou pola clase en conxunto, antes da redacción definitiva.

Na tarefa 13 ofrécese un exemplo desta técnica. Os alumnos deben explicar en varias frases o significado dun póster da I Guerra Mundial seguindo para iso tres preguntas guías que lles son ofrecidas.

## II. LISTENING

Para este tipo de actividade elixiuse sempre que foi posible o uso de fontes primarias. Outras veces recorreuse a fontes modernas: lecturas, dramatizacións, documentais...

Usáronse diferentes tipos de exercicios:

III. I. O máis simple consiste en realizar unha audición varias veces, para completar posteriormente un texto con ocos. Pódese facilitar a tarefa lendo antes o texto.

Un exemplo sería a tarefa 28, onde o alumnado debe completar tres pequenos textos sobre a época de Stalin. Esta gravación foi realizada por unha nativa anglofalante.

III. II. Na mesma liña, pódense formular varias cuestións previas á audición e pedir ós alumnos que, rematada esta, respondan a varias preguntas breves, ou un exercicio de verdadeiro/falso.

A tarefa número 3 sobre o colonialismo, é un exemplo desta técnica, e a gravación que acompaña a presentación foi realizada igualmente por unha nativa.

## IV.SPEAKING

Este é o tipo de actividade ao que o alumnado é máis remiso. Con frecuencia sente vergoña de falar en alto noutra lingua; para isto son

convenientes os exercicios en grupos pequenos ou por parellas. Ademais, moitas veces carece do léxico necesario, polo que se debe prestar moita atención á repetición e pronunciación dos termos novos. En calquera caso, para o deseño das actividades, primouse a fluidez antes que a corrección.

Estes son algúns dos esquemas usados:

IV. I. Avaliación inicial, facendo sinxelas preguntas ao alumnado para determinar o seu grao de coñecemento previo, e pedíndolle que predigan o vocabulario que esperan encontrar. Con este exercicio conséguese ofrecerlles un contexto familiar que favoreza a introdución de novos datos.

O exemplo máis claro son as actividades da tarefa 21 que inician a Revolución Rusa: ofrécese un cartel da película de animación *Anastasia*, que moitos deles terán visto, e se lles pide que relaten o seu argumento, para despois presentarlles as fotos da familia do tsar e pedirilles que relacionen os personaxes históricos cos da película.

IV. II. Outras veces úsanse textos ou imaxes para provocar o diálogo e a colaboración entre o alumnado, pedíndoselles que fagan un resumo, expresen o seu punto de vista, describan o que ven, interroguen aos seus compañeiros...

Na tarefa 9, por exemplo, se lles pide que vexan unha presentación sobre a I Guerra Mundial e os seus efectos, que non ten texto escrito nen voz,

só música, e que anoten o que lles suxire. Despois deberán explicar ós seus compañeiros as sensacións que as imaxes e a música lles produciron.

## **8. PLAN DE AVALIACIÓN (INDICADORES E INCIDENCIA NA PRÁCTICA EDUCATIVA)**

Debemos diferenciar dous apartados no plan de avaliación: a avaliación dos alumnos na aula e a avaliación da propia unidade e da súa utilidade para o profesorado de Seccións Bilingües.

a) Polo que se refire a avaliación dos alumnos, haberá varios indicadores que nos mostrarán o grao en que están adquirindo os contidos presentados:

- Observación directa e toma de notas na clase: comprobar se trae os exercicios a diario, se colabora cos compañeiros, se participa nas actividades en grupo, etc.
- Corrección dos exercicios orais e escritos que se presentan nas unidades, e que, o tratárense de actividades interactivas, se realizará de forma habitual no encerado dixital facilitando que poidan ser comentadas e corrixidas por toda a clase.
- Probas de carácter escrito que se realizarán ó final de cada unidade e que constituirán só unha parte da nota final da materia.

b) En canto á avaliación da propia unidade, un dos indicadores que serviron para comprobar a súa efectividade foi a forma en que o encerado dixital conseguiu realmente aumentar o grao de implicación do alumnado. Supuxo un importante incremento da motivación nas clases, de forma que alumnos

remisos habitualmente a participar, saían encantados para realizar as actividades propostas no encerado.

Pero a avaliación máis axeitada será a que se obteña coa utilización destes materiais por outros profesores de Seccións Bilingües nas súas aulas, polo que esperamos que en cursos sucesivos poidan ser difundidos e aproveitados entre todos os docentes interesados en mellorar a súa práctica.